

# Das pequenas grandes cousas

29

SUPLIMENTO  
DOMINICAL  
12 DE MARZO DE 2017

ARMANDO REQUEIXO  
armandorequeixo@hotmail.com



**H**ai libros que, unha vez descubertos, producen un sismo interior que acaba

por reconfigurar os cimentos do mapa sentimental propio. Son obras das que posúes a certeza de que terías sido un inmenso error non chegar a coñecelas ao longo dos teus anos de vida, textos nos que asalta a convicción de que tardaches de máis, sempre demasiado, en darlles cumprida lectura. Por iso te prometes relelas moitas máis veces. Porque a vida é curta e a arte dalgunhas obras moi longa. E porque Menéndez Pelayo tiña toda a razón cando se queixaba de que é unha pena morrer, coa de libros que lle quedan a un por ler. Sobre todo, engado eu, se eses libros son tan extraordinarios como *Meu avó, rei das pequenas cousas*, unha alfaiá literaria de João Manuel Ribeiro da que hoxe quero dicir apenas dúas ou tres palabras.

Non tentarei apañar a auga do mar literario de Ribeiro con cribos. Imposible resumir aquí a extensa, densa, intensa traxectoria autorial de quen conta os volumes por dúcias, as conferencias e charlas por centos e a súa participación en libros colectivos e eventos literarios de todo tipo por moreas. Abondará con dicir que Ribeiro é un dos máis importantes escritores infantoxu-

venís de todo Portugal e o dilatado orbe lusófono, un lugar que lle confire, con todo merecemento, a súa recoñecida, reeditada e multipremiada obra.

Porque eu quero falar agora de *Meu avó, rei das pequenas cousas*, un libro editado con delicado primor por Hércules Edicións e ilustrado –acaeríalle mellor dicir iluminado– por Catarina Pinto, un volume que se publica en galego por man doutra sobresaliente escritora infantoxuvenil galega, Ánxela Gracián, quen puxo o seu cumprido talento de tradutora profesional ao servizo dunha historia da que o menos que se pode dicir é que esganifa a fibra cardíaca tanto como enleva o pensamento.

Ideado como unha historia de vida e descubrimento en oito estacións, o relato de *Meu avó, rei das pequenas cousas* é todo el un vademécum gnómico e sentimental, unha narración que, ao tempo que testemuña vivencias e fidelidades, memorias e perdas, ledicias e revelacións, serve tamén ao propósito do docere et delectare dos clásicos, pois ese alento de ensinanza e fe nun vivir vai cosido á víscera mesma desta admirable historia.

O neno protagonista que narra os feitos rememorados dá razón da importancia transcendental que na súa vida xogou –e xoga, na lembranza–

o seu avó. El foi quen lle ensinou a ver o mundo, a pensar a existencia e aprehender que a felicidade está nas cousas máis miúdas, que nos levan sempre ás verdadeiramente inmensas: o amor, a amizade, o agarimo á terra e as xentes dun, a paixón por aprender, a perda dos que queremos, a convivencia harmónica co resto dos seres, en fin, a necesidade dos soños, da imaxinación, da ledicia presente e a esperanza futura.

Camões, Pessoa ou García Lorca aparecen homenaxeados nestas páxinas, cheas de luminosas reflexións, tamén de tenrura e sutileza, de maxinacións e ensóns, de gratitudes e arelas. Unhas planas nas que se desliza una prosa dúctil, despida, que acompasa a súa música cunha imaxinería sensorialista, evocadora, grácil.

*Meu avó, rei das pequenas cousas* é un regalo para o corazón, unha dádiva que o deus das palabras lle concedeu a João Manuel Ribeiro e que el, como novo Prometeo, nos obsequiou aos lectores. Non se pode desprezar un galano así. Ao contrario, merece agradecerse a quen o agasalla e a quen fai de oportuno Mercurio, neste caso Ánxela Gracián e Hércules Edicións, pois grazas ao seu favor está na nosa man poder ler o Saint-Exupéry portugués dos nosos tempos.



**MEU AVÓ, REI DAS PEQUENAS COUSAS**  
JOÃO MANUEL RIBEIRO  
Hércules Ediciones, 2017  
13,50 euros



O escritor, nunha firma de libros

letrasAtlánticas